

## **Os desafíos ambientais de Galicia: protexer a biodiversidade e pór fin ao incumprimento do dereito de acceso á información, participación e xustiza ambiental**

No Día Mundial do Medio Ambiente recordamos que os cambios na biodiversidade afectan ao funcionamento dos ecosistemas, que á súa vez son quen de protexernos fronte a propagación de enfermidades

Oleiros, 04 de xuño de 2020

Recuperar a biodiversidade perdida e quitar trabas á información ambiental, son dúas das materias pendentes nunha Galicia que celebra mañá o Día Mundial do Medio Ambiente, sen ferramentas para facer fronte aos principais desafíos ambientais aos que se afronta a nosa comunidade.

Como viñemos anunciado nestes últimos meses, a parte máis insostible da economía está a traballar para descontar a perda de produción e consumo (consumismo) que se deu ao longo do período de confinamento, e facelo coa maior urxencia posible, relaxando o cumprimento das esixencias e a lexislación nesta materia. Unha realidade,

na que prima o económico fronte ao social e ambiental, que se afasta dun crecemento sostible.

Non aprender do acontecido (reducción da contaminación e da emisión dos gases de efecto invernadoiro no confinamento), e desaproveitar a oportunidade agora de pór en valor fórmulas de crecemento sostible como os reflectidos na estratexia europea de Economía Circular e no Pacto Verde Europeo (que ven de facer seus a administración do estado, coa aporobación onte da Estratexia Española de Economía Circular), sería un erro grave para o futuro medioambiental e por conseguinte para a sociedade. É o momento de revertir as causas que provocan a crise climática e a perda da biodiversidade para pór freo ao deterioro cada vez máis visible e intenso do planeta.

### **A protección da biodiversidade, unha garantía de futuro**

Na actualidade, queda demostrado como a actual pandemia sanitaria mundial garda unha forte vinculación coa propia saúde do noso ecosistema. Exemplos de destrución da biodiversidade como a deforestación, o cambio do uso dos solos, a produción agrícola e gandeira intensiva ou o crecente comercio irregular ou ilegal de vida silvestre, poden aumentar o contacto e a transmisión de enfermidades infecciosas.

A nosa saúde depende da saúde do medio e son os ecosistemas sans os que nos proporcionan unha maior protección fronte á propagación de patóxenos e de doenzas infecciosas causantes das pandemias. **Os cambios na biodiversidade afectan ao funcionamento dos ecosistemas** e poden causar alteracións importantes dos bens e servizos que estes nos proporcionan.

Ainda que a biodiversidade dificulta a propagación de enfermidades, o certo é que o ser humano está a deteriorarala a un ritmo vertixinoso e sen precedente. Segundo o último informe [“Evaluación Global sobre a Biodiversidade e os Servizos dos Ecosistemas”](#) do

[Panel Intergubernamental sobre Biodiversidade dos Ecosistemas \(IPBES\)](#), un millón de especies animais e vexetais están en perigo de extinción na actualidade, máis que en calquera outro momento na historia da humanidade. Engade o estudo que nas vindeiras décadas **extinguirase 1 de cada 8 especies**.

### **A situación en Galicia**

En Galicia, a perda da biodiversidade é un dos seus principais problemas ambientais ao que todos os axentes deben facer fronte, e que é a consecuencia, entre outros, pola propagación de especies alóctonas e invasoras (eucalipto, mimosa, etc), de monocultivos que eliminan a biodiversidade vexetal e modifican os hábitats, reducindo polo tanto tamén a biodiversidade animal. Amais, o comercio de especies silvestres e o desequilibrio de poboacións de especies salvaxes (por eliminación de depredadores naturais e polo cambio de usos e o abandono do rural) está a alterar o equilibrio natural e favorece a propagación de enfermidades, como acontece coa peste porcina e o xabaril, ou as enfermidades importadas co visón americano e tartarugas e outras especies exóticas.

### **A lexislación ambiental e o dereito de ser informados**

Como xa se ten comprobado, en toda recuperación económica logo dunha crise, como aconteceu na do 2008, as administracións tenden a primar a produción e o consumo a “calquer prezo”, sobre todo ambiental, fronte a uns modelos económicos máis sostibles e respectuosos co medio. E na nosa comunidade a día de hoxe, o goberno parece que volta mirar para outro lado.



Xa durante o confinamento, e como así denunciaron máis dun cento de colectivos, a Xunta de Galicia deu luz verde á continuidade de tramitación en concreto de 975 proxectos industriais de gran impacto ambiental en pleno estado de alarma ([Orde da Consellería de Medio Ambiente do 27 de abril](#) e a [Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 5 de maio](#)). Os proxectos que se inclúen son vertedoiros, plantas de xestión de residuos, proxectos de parques eólicos e subestacións eléctricas, liñas de alta tensión, factorías que emiten gases de efecto invernadoiro, etc. Trátanse de proxectos especialmente sensibles e controvertidos que xeran un gran rexeitamento social polas súas características pouco respectuosas co medio, e que a Orde do 5 de maio lexetima á Xunta para aprobalos. Amais de querer axilizar os trámites e prazos destes proxectos no medio do estado de alarma, unha situación que tamén limita os movementos e posibilidades de participación cidadá e organizacións sociais e veciñais para responder a proxectos industriais ou legislativos de gran impacto.

**Nin a crise sanitaria nin a recuperación económica son argumentos válidos para relaxarse en materia ambiental.** Así como tampouco se deberían por trabas ao acceso á información ambiental, non só para os cidadáns en xeral, senón tamén ás organizacións e colectivos ambientais, sociais, ecoloxistas, etc, como se ten visto en varias ocasións por parte da Xunta de Galicia. Como no caso das denuncias de asociacións. O goberno galego deixou de informar ás organizacións e colectivos do estado dos expedientes relacionados coas súas denuncias (coincidentes co desmantelamento dos servizos de inspección). Cun breve acuse de recibo das denuncias responden e á vez advirten, amparándose no artigo 62.5 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, que a presentación dunha denuncia non lles outorga “a condición de interesado no procedemento”. Isto é, **limitan aos denunciante a seren informados dos expedientes** e que poidan contribuir así a unha mellor inspección ambiental, máis aínda despois do desmantelamento práctico deste servizo, que agora está apoiado basicamente en asistencia técnicas.

Dende a Asociación Galicia Ambiental **instamos ás administracións públicas do país a respectar a normativa europea e nacional que ampara o Dereito de Acceso á Información, participación e xustiza en asuntos ambientais** (Lei 27/2006, Directivas CE 2003/4 e 2003/35 convenio Aarhus) sistematicamente conculada. Así como tamén pedímoslles non esquecer, ou recuperar en certos casos, a **senda do desenvolvemento sostible e respectuoso co medio ambiente**. É urxente que administracións e empresas retomen, á par das medidas “económicas” de recuperación desta emerxencia sanitaria, a axenda para abordar as outras crises “paralelas”: a climática e a perda de biodiversidade: especies invasoras, monocultivos... **Os gobernos deben garantir o futuro non só económico senón tamén ambiental**, de aí que é preciso impedir a relaxación en materia de lexislación neste senso, e esixir condutas máis respectuosas co medio e fórmulas máis sostibles.

### **A Asociación Galicia Ambiental**

A asociación de profesionais ambientais, Galicia Ambiental, é o punto de encontro e defensa de intereses dos profesionais do sector medioambiental. O **coñecemento, divulgación** e a posta en valor das **boas prácticas ambientais** de empresas, institucións ou persoas (participación en foros, órganos consultivos, grupos de traballo...) son os piares sobre os que se asenta a asociación. Outro dos obxectivos que moven ao colectivo, é a denuncia ante as administracións públicas e/ou a Administración de Xustiza, as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado... de **prácticas ilegais ou lesivas co medioambiente** no ámbito da comunidade autónoma de Galicia, indistintamente de que a súa orixe teña relación con accións levadas a cabo por persoas físicas, empresas, institucións, etc. Galicia Ambiental é unha entidade, sen ánimo de lucro, que integra a profesionais independentes e/ou representantes de empresas, institucións, corporacións de dereito público, medios de comunicación... que desenvolven a súa



actividade profesional na área medioambiental, en definitiva, todas aquelas persoas para as que o medio ambiente é unha cuestión primordial.

### **Os nosos proxectos**

Dende Galicia Ambiental promovemos o novo paradigma Economía Circular, a través do noso proxecto **Futuro circular** coa colaboración da **Fundación C&A**, apoiado en tres eixos fundamentais: a sensibilización da comunidade educativa, a divulgación e a desplastificación de espazos naturais. Desenvolvemos **charlas** en centros educativos e sociais en toda Galicia baseadas na transmisión dos principios e o novo modelo da **ECONOMÍA CIRCULAR e CONSUMO RESPONSABLE**. Colaborar con asociacións ambientais, veciñais, etc na execución de **campañas de recollida de plásticos** (e outros refugallo) en espazos naturais, é outro dos nosos obxectivos, así como profundizar nas accións de comunicación, como elemento sensibilizador da sociedade en xeral sobre a **problemática da reciclaxe e as verteduras de plásticos ao medio natural**.

Ademais deste proxecto, na actualidade, Galicia Ambiental segue a desenvolver a acción **Árbores de Cinza**, nada logo da vaga de lumes de 2017. Comezou cunha primeira acción (reforestación) financiada por crowdfunding, seguida dunha de creación de infraestruturas patrocinada pola Fundación C&A en Chandebrito: o **Bosque da Memoria**, nesta terceira fase, co patrocinio do Festival da Luz – Boimorto, damos continuidade efectiva ao traballo iniciado. Coas **xornadas de divulgación** en centros escolares e colectivos sociais e cidadáns, aos que convidamos a colaborar nas accións de reforestación, queremos fomentar unha mentalidade de **prevención activa contra incendios e recuperación e restauración de espazos afectados por lumes**.



<http://www.galiciaambiental.org/>

[@galiciaambienta](#)

**NOTA DE  
PRENSA**

Saúdos,

Benito G.Carril

**DIRCOM GALICIA AMBIENTAL**

[www.galiciaambiental.org](http://www.galiciaambiental.org)

<https://www.facebook.com/galiciaambiental/>

[@galiciaambienta](#)

604 000 742

**Enlace ao DOG do 4 de maio:**

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20200504/AnuncioG0532-270420-0003\\_gl.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20200504/AnuncioG0532-270420-0003_gl.pdf)

**Enlace DOG do 11 de maio:**

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20200511/AnuncioG0424-070520-0001\\_es.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20200511/AnuncioG0424-070520-0001_es.pdf)